

ORDENANZA FISCAL NÚM. 203

IMPOSTO SOBRE BENS INMOBLES.

ARTIGO 1º.

De conformidade co previsto no artigo 72 do Real decreto lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba a texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, o tipo de gravame do Imposto sobre bens inmobilés aplicable neste municipio queda fixado nos termos que se establecen no artigo seguinte.

ARTIGO 2º.

1. O tipo de gravame do Imposto sobre bens inmobilés aplicable ós bens de natureza urbana queda fixado no 0,65.

2. O tipo de gravame do Imposto sobre bens inmobilés aplicable ós bens de natureza rústica queda fixado no 0,30.

3. O tipo de gravame do Imposto sobre bens inmobilés aplicable ós bens de características especiais queda fixado no 0,60.

ARTIGO 3º.

O Concello agrupará nun único documento de cobro todas as cotas deste imposto dun mesmo suxeito pasivo cando se trate de bens rústicos sitos no municipio de Lugo.

ARTIGO 4º. EXENCIÓNS.

Ademais das exencions previstas no texto vixente do Real decreto lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba a texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, por razón de criterios de eficiencia e economía na xestión recadatoria do tributo, establecécese a exención dos inmobles rústicos cando a cota agrupada correspondente a cada suxeito pasivo sexa inferior a 3,60 €. Igual exención establecécese para os bens inmobles de natureza urbana nos que a súa cota sexa inferior a 3,90 €.

ARTIGO 5º. BONIFICACIÓNS.

1.- Establécese unha bonificación do 90% na cota íntegra do imposto, sempre que así se solicite polos interesados antes do inicio das obras, para os inmobillos que constitúan o obxecto da actividade das empresas de urbanización, construcción e promoción inmobiliaria tanto de obra nova como de rehabilitación equiparable a esta, e non figuren entre os bens do seu inmobilizado.

O prazo de aplicación desta bonificación comprenderá dende o período impositivo seguinte a aquel en que se inicien as obras ata o posterior á terminación delas, sempre que durante ese tempo se realicen obras de urbanización ou construcción efectiva, e sen que, en ningún caso, poda exceder de tres períodos impositivos.

A documentación que terán que achegar na solicitude da bonificación polos interesados será a seguinte:

- Fotocopia da Licenza municipal de obras.
- Fotocopia do último recibo do Imposto sobre actividades económicas, en caso de tributar por el, ou noutro caso, fotocopia da declaración censual no imposto anterior ou acreditación por calquera medio admisible en dereito de que se trata dunha empresa de urbanización, construcción ou promoción inmobiliaria.
- Fotocopia do último recibo do Imposto sobre bens inmobillos ou declaración de alteración de bens no caso de que o recibo figurase a nome doutro propietario.
- Balance de situación pechado a 31 de decembro do ano anterior, para acreditar que o inmoble non figura entre os bens do inmobilizado.

Unha vez presentada a solicitude, o Concello requerirá ó interesado para que achegue certificado do Director Técnico, visado polo Colexio Oficial competente, para acreditar a data de inicio das obras.

2.- Terán dereito a unha bonificación do 50% na cota íntegra do imposto, durante os tres períodos impositivos seguintes ó do outorgamento da cualificación definitiva, as vivendas de protección oficial e as que resulten equiparables a estas conforme á normativa da Comunidade Autónoma.

A dita bonificación concederase a petición do interesado, a cal poderá efectuarse en calquera momento anterior á terminación dos tres períodos

impositivos de duración desta e producirá efectos, de ser o caso, dende o período impositivo seguinte a aquel en que se solicite.

A documentación que hai que achegar na solicitude da bonificación polos interesados será a seguinte:

- Cédula de cualificación provisional e definitiva de vivenda de protección oficial expedida polo Instituto Galego da Vivenda e Solo.
- Escritura de compravenda da vivenda obxecto da solicitude.

3.- Terán dereito a unha bonificación do 95% da cota íntegra, os bens rústicos das Cooperativas Agrarias e de Explotación Comunitaria da Terra, nos termos establecidos na Lei 20/1990, do 19 de decembro, sobre réxime fiscal das cooperativas.

4.- Recoñécese unha bonificación na cota íntegra do imposto a favor daqueles suxeitos pasivos que ostenten a condición de titulares de familia numerosa no momento do devengo do tributo segundo o concepto establecido no artigo 2 da Lei de Protección de Familias Numerosas, do 18 de novembro de 2003, sempre que reúnan, ademais, as seguintes condicións:

a) Que o inmoble gravado con este imposto estea destinado a vivenda habitual do suxeito pasivo e do resto dos membros que integran a familia numerosa, polo que deberán estar empadroados todos os membros da familia neste Concello. A estes efectos o Servizo de Facenda Local requirirá ó Servizo de Estatística informe sobre os individuos empadroados na vivenda da que se solicita a bonificación.

b) Que ningún dos membros que integran a familia numerosa sexa propietario de ningunha outra vivenda.

c) Que o inmoble obxecto da solicitude, no momento de devengo, teña un valor catastral igual ou inferior a 60.000 €.

A porcentaxe de bonificación aplicable variará en función do valor catastral da vivenda no momento do devengo, segundo o seguinte cadro:

Valor catastral	Porcentaxe
De 0 a 20.000 €	90 %
De 20.000,01 a 30.000 €	70 %

De 30.000,01 a 45.000 €	50 %
De 45.000,01 a 60.000 €	30 %

Esta bonificación ten carácter rogado polo que a súa concesión requirirá, en todo caso, solicitude previa do interesado e acto administrativo expreso favorable a esta.

A bonificación terá duración exclusivamente anual polo que debe ser solicitada para cada ejercicio en que se pretenda a súa aplicación dentro do primeiro trimestre. A non presentación da solicitude no prazo establecido implicará a perda da bonificación, sen prexuízo de poder solicitarse novamente para períodos impositivos seguintes.

A solicitude de concesión desta bonificación deberá presentarse no Rexistro Xeral do Concello mediante escrito firmado polo suxeito pasivo, aportando a seguinte documentación:

- Documento Nacional de Identidade do solicitante.
- Título de familia numerosa vixente a 1 de xaneiro do exercicio en que deba xurdir efectos a bonificación.
- Fotocopia compulsada do Libro de Familia.
- Recibo do Imposto sobre bens inmobilares do inmoble para o que se solicita a bonificación.
- Declaración de IRPF dos integrantes da familia. No caso de que calquera ou todos os integrantes da familia non formulasen declaración de IRPF, poñerase de manifesto esta circunstancia na solicitude e acreditarse mediante certificado expedido ó efecto pola AEAT.
- Certificación catastral telemática emitida no Punto de Información Catastral (PIC) do Excmo. Concello de Lugo respecto de cada un dos membros da familia numerosa, do que se desprenda que non é propietario de ningunha vivenda en todo o territorio español.

A variación do enderezo que constitúa a vivenda habitual familiar deberá comunicarse ó Concello mediante a presentación da nova solicitude de beneficio fiscal.

5.- Establécese unha bonificación do 95% na cota íntegra do imposto para os inmobles propiedade da Universidade de Santiago de Compostela directamente destinados a fins universitarios. A estes efectos solicitarase anualmente, dentro do primeiro semestre do ano, a concesión da bonificación,

acreditando mediante certificación expedida ó efecto o destino de tódolos inmobilés dos cales se insta a bonificación.

DISPOSICIÓN COMPLEMENTARIA

Son directamente aplicables as normas contidas nos artigos 60 a 77 do Real decreto lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba a texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, que se consideran incorporadas a esta ordenanza, e os pertinentes preceptos da Ordenanza fiscal xeral.

DISPOSICIÓN FINAL

A presente ordenanza aprobada e modificada respectivamente por acordo do Concello Pleno do 29 de decembro de 1998 e do 23 de decembro de 2008, entrará en vigor o día da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia, e comenzará a aplicarse a partir do 1 de xaneiro de 2009. Permanecerá en vigor ata a súa modificación ou derogación expresa.

PUBLICACIÓN ÍNTEGRA:	BOP núm. 298 do 30 de decembro de 1998
MODIFICACIÓN:	BOP núm. 293 do 23 de decembro de 1999
MODIFICACIÓN:	BOP núm. 74 do 31 de marzo de 2003
MODIFICACIÓN:	BOP núm. 299 do 30 de decembro de 2004
MODIFICACIÓN:	BOP núm. 298 do 30 de decembro de 2005
MODIFICACIÓN:	BOP núm. 299 do 31 de decembro de 2007
MODIFICACIÓN:	BOP núm. 299 do 30 de decembro de 2008